



¡QUE MEDO!

Biblioteca CEIP San Francisco Xabier

Outubro 2007

**¡Qué miedo el azul del cielo!
¡Negro!
¡Negro de día en agosto!
¡Qué miedo!**

**¡Qué espanto en la siesta ardiente!
¡Negro!
¡Negro en las rosas y el río!
¡Qué miedo!**


**¡Negro con sol en mi tierra
(inegro!)
sobre las paredes blancas!
¡Qué miedo!**

Juan Ramón Jiménez


ONDE VIVEN OS MONSTROS

Max está castigado no seu cuarto. De súpeto todo ó seu redor convírtese

nun grande bosque e no medio dese bosque hai un inmenso océano. Max navega por el días e días ata chegar ó país onde viven os monstros. Alí é nomeado rei e, despois de celebrar unha fermosa festa, sente un agradable arrecedo a comida e escoita a voz da súa nai que o chama para cear.



Una pesadilla en mi armario



UNA PESADILLA EN MI ARMARIO

Un neno déitase asustado tódalas noites, pois cre que no seu armario hai un terrible


pesadello. Un día, ármase de valor e decide facerlle fronte. A partires dese momento tódolos seus medos desaparecen.

¿NO DUERMES, OSITO?


O pequeno oso ten tódalas noites o mesmo problema: non pode durmir por medo á escuridade. Seu pai xa non sabe qué facer.

Lévalle lámpadas e máis lámpadas, pero o osiño segue cos seus medos.


Un día papá Oso decide axudar o seu fillo doutra maneira e faille ver que non hai nada que temer na escuridade.



Máis de pantasma, bruxas, ogros...



Manual de la bruja




Todo canto hai que saber sobre as bruxas está aquí: cómo se visten, qué comen, etc.

Unha fantasma con asma



A fermosa historia dunha fantasma que vive en soidade. Un relato contado en verso sobre o amor e a amizade

La comedia de los ogros



Veerman, un pequeno ogro, recibe un regalo: unha gaiola cun neno dentro.




TRAGASUEÑOS

A princesa Dormilina non pode durmir e está cada vez máis pálida e delgada. Ningún sabio atopa remedio para o seu mal. Un día seu pai, o rei, decide saír en busca do único ser que pode salvar a súa filla: un estraño e pequeno homiño que é capaz de comer tódolos pesadelos que enchen de terror a cabeza da princesiña.

A partires dese momento Dormilina pasará as noites tranquila e feliz.

Cuentos con brujas

Nestes contos, as bruxas son seres simpáticos e amables, axudan ós nenos e nenas a solucionar problemas e a defenderse diante das inxustizas. Elas son as protagonistas de tódalas historias.




OS CONTOS DE SEMPRE




Con estas historias os nenos e nenas enfróntanse a tódolos males da vida: o abandono, a morte, a envexa, a maldade; pero tamén ó valor, á amizade, á xenerosidade. Por iso é tan importante que eses contos veñan da voz da nai, do pai, do avó, do adulto que aporta confianza e seguridade.

Contos cunha trama terrible pero cun final feliz e tranquilizador que dan resposta a tódalas preguntas que nenos e nenas se fan e non son capaces de verbalizar. Contos que axudan a entender o mundo.



AS BRUXAS

Un neno, despois de perder os seus pais, vai vivir coa súa avoa, unha muller encantadora que lle conta inquietantes historias de bruxas. Nunhas vacacións que avoa e neto pasan xuntos en Inglaterra, o rapaz descobre que no mesmo hotel no que se aloxan celébrase un sospeitoso congreso de mulleres, todas elas coas mesmas características. O encontro con estas mulleres traeralle uns cambios que transformarán a súa vida.




LA SOMBRA DEL GATO Y OTROS RELATOS DE TERROR

Entre toda a camada, un dos cachorros da gata chama especialmente a atención.

O seu inmenso tamaño, os ollos dunha intensa cor amarela e unha ollada que desprende maldade...

Sen embargo, o seu dono sente por el unha fonda atracción, unha atracción que desencadeará unha grande traxedia.

Está é a primeira das catro historias que contén este libro.





CANDO PETAN NA PORTA POLA NOITE

Xavier Puente Docampo, o autor, ofrécenos o mellor estilo da tradición popular de literatura oral.

O libro contén catro relatos:

- O espello do viaxeiro
- O fornadas
- A loba
- O cumpremortes



EL DR. JEKYLL Y MR. HYDE

As dúas caras, os dous extremos, o ben e o mal, convivindo dentro dunha mesma persoa.

Henry Jekyll, médico de profesión, cidadán respectado, home apacible, inventa unha poción capaz de transformalo nun monstro. Ó principio é quen de controlar o seu invento, pero pouco a pouco o invento o domina a el e acaba sendo vítima da súa propia creación.

*A castaña no ourizo
quixo rir e reventou;
caendo castiro abaixo,
mira que golpe levoul
Popular*



*¿ Queredes castañas
dos meus castiñeiros?
Cantádeme un maio
sen bruxas nin demos...
Manuel Curros Enríquez*



O SAMAIN, A FESTA DO MAGOSTO

É unha festa de orixe moi antigo, unha festa pagá que foi cristianizada.

Nela aparecen asociadas a castaña e o día de difuntos.

Celébrase a morte da luz e a chegada do inverno.

¡ BO MAGOSTO !